

CTO. GALEGO DE NATACIÓN

ABSOLUTO, JÚNIOR E INFANTIL DE VERÁN

Tempada 2015 - 2016. Circular 15-20.

1.- Organización, datas e sede

1.1.- Celebrarase a nivel rexional en tres xornadas de mañá e de tarde.

1.2.- As datas e sede serán as establecidas no calendario de natación para a presente tempada.

1.3.- As sesións de mañá darán comezo ás 10:00 horas agás a da primeira xornada que comezará ás 11:00 h, e as de tarde ás 17:00 horas, agás a da terceira xornada que comezará ás 16:30 h.

1.4.- A piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes polo menos unha hora e 45 minutos antes do inicio de cada sesión e media hora despois da súa finalización, así como o día previo ao comezo do campionato en horario de tarde e previa solicitude dos clubs interesados ao clube organizador. Os nadadores teñen dereito a realizar o quecemento até 10 minutos antes de que comece a sesión.

2.- Programa de probas

| Xornada 1. | Xornada 2 | Xornada 3 |
|---|---|--|
| Sesión de mañá. 11:00 h | Sesión de mañá. 10:00 h | Sesión de mañá. 10:00 h |
| 1. 1500 Libre Masculino 2. 800 Libre Feminino | 12. 4x50 Estilos Masculino Absoluto 13. 4x50 Estilos Feminino Absoluto 14. 50 Libre Feminino 15. 50 Libre Masculino 16. 200 Braza Feminino 17. 200 Braza Masculino 18. 100 Costas Feminino 19. 100 Costas Masculino 20. 4x100 Libres Feminino Infantil 21. 4x100 Libres Masculino Infantil 22. 4x100 Libres Feminino Júnior 23. 4x100 Libres Masculino Júnior 24. 4x200 Libre Feminino Absoluto | 35. 4x50 Libre Masculino Absoluto 36. 4x50 Libre Feminino Absoluto 37. 200 Costas Masculino 38. 200 Costas Feminino 39. 50 Braza Masculino Juni-Abso 40. 50 Braza Feminino Juni-Abso 41. 800 Libre Masculino Absoluto 42. 4x200 Libres Feminino Infantil 43. 4x200 Libres Masculino Infantil 44. 4x100 Libre Feminino Absoluto |
| Sesión de tarde. 17:00 h | Sesión de tarde. 17:00 h | Sesión de tarde. 16:30 h |
| 3. 400 Libre Masculino 4. 400 Libre Feminino 5. 100 Bolboreta Masculino 6. 100 Bolboreta Feminino 7. 200 Estilos Masculino 8. 200 Estilos Feminino 9. 4x100 Estilos Masculino Infantil 10. 4x100 Estilos Feminino Infantil 11. 4x200 Libre Masculino Absoluto | 25. 200 Libre Feminino 26. 200 Libre Masculino 27. 200 Bolboreta Feminino 28. 200 Bolboreta Masculino 29. 50 Costas Feminino Juni-Abso 30. 50 Costas Masculino Juni-Abso 31. 1500 Libre Feminino Absoluto 32. 4x200 Libres Masculino Júnior 33. 4x200 Libres Feminino Júnior 34. 4x100 Libre Masculino Absoluto | 45. 100 Braza Masculino 46. 100 Braza Feminino 47. 50 Bolboreta Masculino Juni-Abso 48. 50 Bolboreta Feminino Juni-Abso 49. 100 Libre Masculino 50. 100 Libre Feminino 51. 400 Estilos Masculino 52. 400 Estilos Feminino 53. 4x100 Estilos Masculino Júnior 54. 4x100 Estilos Feminino Júnior 55. 4x100 Estilos Masculino Absoluto 56. 4x100 Estilos Feminino Absoluto |

3.- Participación

3.1.- A presente normativa está destinada ás categorías:

- Absoluta masculina.
- Absoluta feminina.
- Absoluta mozo masculina (Nacidos nos anos 1996 – 1997). Só a efectos de marca mínima de inscrición.
- Absoluta moza feminina (Nacidas nos anos 1997 – 1998). Só a efectos de marca mínima de inscrición.
- Júnior masculino (nacidos nos anos 1998 e 1999).
- Júnior feminino (nacidas nos anos 1999 e 2000).
- Infantil masculino (nacidos nos anos 2000 – 2001).
- Infantil feminino (nacidas nos anos 2001 – 2002).
- Nadadores con discapacidade funcional e/ou visual das anteriores categorías.

3.2.- A participación está aberta a todos os nadadores de clubs galegos que acrediten ter realizadas as marcas mínimas asignadas para cada categoría.

3.3.- Para os nadadores con discapacidade funcional e/ou visual haberá unha soa marca mínima para cada categoría.

3.4.- Cada nadador poderá participar como máximo en catro probas individuais en todo o campionato e nunha ou dúas probas de remudas (sempre que unha sexa 4x50 estilos ou 4x50 libre), segundo sesión.

Os nadadores con discapacidade funcional e/ou visual só poderán nadar as probas indicadas no Anexo I para cada categoría.

3.5.- Cada club podrá inscribir un máximo de 12 nadadores por proba:

- 3 en categoría absoluta (masculina 1997 e anteriores, feminino 1998 e anteriores)
- 4 en categoría júnior
- 5 en categoría infantil

3.6.- Cada clube poderá inscribir un só equipo de remudas por proba sempre que teña acreditada a marca mínima, ben por suma de tempos de 4 nadadores en probas individuais, ou realizada nunha remuda con nadadores comprendidos nas categorías de referencia.

3.7.- Un nadador que non participe nunha proba para a que estea inscrito non poderá participar en ningunha outra na mesma sesión, agás se fose dado de baixa, segundo as normas do Art. 9 do libro IV do Regulamento Xeral da FEGAN.

4.- Inscricións

4.1.- Realizaranse a través do ISIS e a acta de preinscrición que o propio programa xera en formato PDF será remitida á Federación por correo electrónico (inscricions@fegan.org). Xunto co devandito arquivo remitirase, no mesmo correo, o comprobante do pago da inscrición.

4.2.- As inscricións para o campionato deberán obrar en poder da FEGAN 15 días antes do comezo da competición, sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibida pola FEGAN.

4.3.- Deberán inscribirse tamén os nadadores que participen só en remudas, remitindo o impreso correspondente xunto coa citada acta de preinscrición.

4.4.- Os nadadores con discapacidade realizarán a inscrición segundo o Anexo II da presente normativa.

5.- Fórmula de competición

5.1.- Todas as probas serán disputadas contra o reloxo. A composición de series farase por tempos sen consideración de categorías.

5.2.- A puntuación será por categorías.

5.3.- Os criterios de puntuación para todas as categorías serán os seguintes:

- Para puntuar será preciso referendar a marca mínima da proba.
- Para a puntuación só se terán en conta como máximo dous nadadores por clube en cada proba individual, con independencia dos que participasen. Os clasificados despois non serán puntuados, corréndose o dereito a puntuación ao seguinte na clasificación que non sexa dese mesmo clube.
- Puntuarán os 16 primeiros clasificados de cada proba individual/remuda.
- As puntuacións nas probas individuais serán: 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.
- A puntuación nas probas de remudas será: 38, 32, 28, 26, 24, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

5.4.- No Campionato Absoluto, os récords que se batan ou iguallen na competición, con independencia do posto, terán a puntuación extra que se indica a continuación:

- Récord do Campionato: 3 puntos.
- Mellor Marca Nacional: 5 puntos.
- Récord Galego: 7 puntos.
- Récord de España: 10 puntos.

Estas puntuacións extra non son acumulables entre si.

Non se outorgará puntuación extra no caso de bater récords en parciais.

6.- Clasificacións

Realizaranse clasificacións por clube para cada unha das categorías; absoluta, júnior e infantil, atendendo aos seguintes criterios:

- Total masculina en probas individuais mais as remudas.
- Total feminina en probas individuais mais as remudas.
- Total conxunta. Será necesario ter competido en ámbalas categorías, aínda cando non se obtivese puntuación nunha delas.

O clube que obteña maior puntuación en cada unha das categorías será proclamado Campión Galego de Natación da respectiva categoría de Verán.

7.- Títulos e premios

7.1.- Medallas aos tres primeiros clasificados por categoría. Medalla os tres primeiros clasificados nas categorías de discapacidade funcional e/ou visual segundo o criterio que figura nas normativas do Comité Paralímpico Internacional de Natación (IPC Swimming). (Pode descargarse a normativa desde a alínea de circulares da FEGAN)

7.2.- Trofeos aos clubes campións en cada unha das clasificacións indicadas no punto 6. Excepto para os nadadores con discapacidade funcional e/ou visual.

8. Marcas mínimas

8.1.- Serán as indicadas na circular de marcas mínimas para a presente tempada para as categorías referidas ao presente campionato.

8.2.- A data a partir da cal se consideran válidas as marcas mínimas obtidas é o 1 de setembro de 2015.

9. Nota final

No non previsto na presente normativa estarase ao disposto no artigo 10 do capítulo 3º do Título II do libro X do *Reglamento general* da RFEN, e no seu caso, ao disposto nas normas FINA.

A Coruña, abril 2016

Secretaría Xeral FEGAN

Anexo I

As probas e categorías nas que poden participar os nadadores con discapacidade funcional e/ou visual son:

Categoría Absoluta

| 50L | 100L | 200L | 400L | 1500L | 50E | 100E | 50B | 100B | 50M | 100M | 200M | 200S |
|--------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|------------------|------------------|--------|--------|--------|--------|
| S1-S13 | S1-S13 | S2-S13 | S4-S13 | S8-S13 | S1-S13 | S1-S13 | S2-S9 S11-S13 | S2-S9 S11-S13 | S3-S13 | S5-S13 | S5-S13 | S3-S13 |

Categoría Júnior e Infantil

| 50L | 100L | 200L | 50E | 100E | 50B | 100B | 50M | 100M | 200S |
|--------|--------|--------|--------|--------|------------------|------------------|--------|--------|--------|
| S1-S13 | S1-S13 | S2-S13 | S1-S13 | S1-S13 | S2-S9 S11-S13 | S2-S9 S11-S13 | S3-S13 | S5-S13 | S3-S13 |

Anexo II

1.- A inscrición dos nadadores con discapacidade deberá de enviarse acompañada da FICHA DE VALORACIÓN FUNCIONAL na que se determina a clase na que están encadrados para cada estilo. No caso de non ter a ficha expedida pola FEDDF, deberán obtela, no seguinte centro:

FIMEGA

(Dr. Carlos Alonso Hernández)

Avda. Eduardo Pondal, 68 baixo (a 200 m da Estación de Autobús e Tren)

Pontevedra

Teléfono: 986868544

É preciso solicitar cita previa, especificando que é para unha valoración funcional para a Federación Galega de Natación.

O custo da valoración correrá a cargo do deportista.

Para facilitar a avaliación é conveniente achegar os informes de lesión, se se teñen.

2.- As marcas de inscrición, deberán terse conseguido en competicións oficiais, ben do calendario da FEDDF ou da FEGAN.

3.- Tanto no Campionato Galego como nas demais competicións da FEGAN onde participen, aplicarase por parte dos Xuíces e Árbitros da competición, as recomendacións contempladas no Manual de Árbitro de Natación (CNA) no apartado N.18 Nadadores Discapacitados

<http://www.fegan.org/cms/content/view/4/5/>

4.- No momento de tramitar a licenza de deportista, deberá advertirse que se trata de un nadador con discapacidade.